

1.- OBTIVOS. Fomentar a contratación por parte de empresas privadas de persoas desempregadas residentes en

Arteixo. Os contratos deberán formalizarse entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.

FOMENTAMOS A CREACIÓN DE EMPREGO

2.- PERSOAS BENEFICIARIAS.

Para ser beneficiario/a das axudas serán necesarios os seguintes requisitos:

- As empresas e entidades distintas da administración pública, deben contratar a **persoas desempregadas** residentes en Arteixo, que participen ou participasen en accións dos Plans Municipais de Formación ou estean **inscritos/as na Bolsa Local de Emprego** do Concello de **Arteixo**.
- Non recibir ningunha outra **axuda** ou subvención pola **mesma contratación**.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, Xunta de Galicia e coa AEAT, así coma ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.

3.- EXCLUSIÓNS.

- Contratacións de persoas que nos 24 meses anteriores á data de contratación prestasen servizos na **mesma empresa** mediante **contrato indefinido**.
- Contratacións realizadas por **empresas de traballo temporal** para a posta a disposición do traballador/a en empresas usuarias.
- Aquelas contratacións que foran beneficiarias das mesmas axudas no ano anterior

4.- PRAZO.

O prazo de solicitude será do 27 de maio ao 30 de setembro de 2022. Para máis información consultar o BOP N° 177 do 18 de setembro de 2019 e o BOP N° 99 do 26 de maio de 2022.

¡¡A peza que lle falta ao teu negocio!!



5.- CONTÍAS

O límite máximo de axudas por empresa ou grupo de empresa **non excederá de 6.000,00€**, salvo no caso de **microempresas** onde a contía se **incrementará nun 25%**.

A) XORNADA COMPLETA

Contrato de duración inicial ou suma de contratos (inicial mínimo de 3 meses), con duración igual ou superior a 6 meses: **500,00€**. Esta contía **incrementarase pola pertenza aos seguintes colectivos, sen superar en ningún caso os 1.000,00€**:

- Parados/as de longa duración: 250,00€.
- Desempregados/as maiores de 45 anos: 250,00€.
- Mulleres: 250,00€.
- Persoas con eivas: 250,00€.

Contrato de duración inicial de un ano ou máis: **1.500,00€**.

Esta contía incrementarase pola pertenza aos seguintes colectivos, sen superar en ningún caso os 2.500,00€.

- Parados/as de longa duración: 500,00€.
- Desempregados/as maiores de 45 anos: 500,00€.
- Mulleres: 500,00€.
- Persoas con eivas: 500,00€.

B) XORNADA PARCIAL

A contía será proporcional á xornada laboral.

INFÓRMATE

981 64 05 72

981 64 11 66

emprego@arteixo.org

Concellaría de Promoción Económica